

#### **CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os obxectivos mínimos para o 4º curso na área de Lingua Estranxeira (Inglés), no curso académico 2023-2024, son os seguintes:

- Recoñecer o sentido global de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas cotiáns.
- Aplicar as estratexias adecuadas para captar o sentido global en textos breves e sinxelos, sobre temas familiares.
- Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns.
- Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns.
- Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns.
- Utilizar estratexias elementais para saúdar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.
- Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas línguas.
- Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.